1952 Nace en Palma María Rosa Llabrés Ripoll tradutora de literatura clásica grega ao catalán. Autora de dous libros de poemas.

3  
1793 Olímpia de Gouges é guillotínada. "Declaración dos Dereitos das mulleres e as cidadás".

4  
1869 Nace en Palma María Antónia Salvá i Ripoll, poeta e tradutora mallorquina. Considerada a primeira poeta moderna en lingua catalá.

5  
1952 Nace Vadaana Shiva, ecofeminista. Loita contra as sementes transxénicas.

6  
2013 Morre a catalana Victòria Sau i Sánchez, escritora, psicóloga e activista.

7  
1909 Nace en Durango (México) Nellie Francisca Campobello, destacada bailarina, coreógrafa, escritora e promotora cultural.

8  
2006 Falece Montserrat Vayreda i Trullol. Foi unha escritora española en lingua catalá.

9  
1914 Nace Hedy Lamarr, actriz, inventora e enxeñeira de telecomunicacións austríaca.

10  
1991 Morre Montserrat Roig Fransitorra, foi unha escritora e xornalista española en lingua catalá.

11  
1978 Nace en A Coruña Emma Pedreira Lombardía poeta, narradora e escritora.

12  
1959 Nace Cristina Escrivá Moscardó, escritora, investigadora e activista pola recuperación da Memoria Histórica.

13  
1912 Nace en Infiesto M<sup>a</sup> Josefa Canellada Llavona escritora asturiana, románica, dialectóloga, folclorista e narradora.

14  
1844 Morre Flora Tristán, escritora e pensadora feminista.

15  
1887 Nace Marianne Moore. Foi unha escritora e poeta modernista estadounidense.

16  
1950 Nace Amelia Valcárcel Bernaldo de Quirós, filósofa feminista, ensaísta e divulgadora.

17  
1955 Nace en Montcada (País Valencià) Josepa Montagut Mariner, poeta feminista.

18  
1940 Nace Margaret Atwood, a mellor escritora canadense en lingua inglesa.

19  
2007 Falece Soledad Ortega Spottorno. Intelectual española. Filla do filósofo José Ortega y Gasset e Rosa Spottorno Topeta, foi impulsora dun gran número de proxectos culturais.

20  
2013 Falece a escritora parentina Enriqueta Antolín, premio Tigre Juan (1992).

21  
2011 Falece Anne McCaffrey. Foi unha escritora estadounidense de novelas e relatos de fantasía e ciencia ficción.

22  
1931 Nace en Santiago de Compostela Xoana Torres Fernández, escritora, poeta e dramaturga.

23  
1534 Falece Beatriz Galindo "La Latina" escritora e humanista española.

24  
1987 Morre Matilde Cantos Fernández, activista a favor da liberdade e a democracia. Foi a primeira muller en conducir un coche en Granada.

25  
Día Internacional para a Eliminación da Violencia Contra ás Mulleres

26  
1938 Nace Luisa Valenzuela escritora latinoamericana.

27  
1907 Falece Irene Lewy Rodríguez, máis coñecida como Irene Falcón. Foi unha xornalista española, secretaria persoal de Dolores Ibárruri.

28  
1899 Nace en La Unión (Murcia) María Cegarra Salcedo, poeta e química.

29  
1904 Nace Nancy Freeman-Mitford, CBE (Londres). Foi unha novelista e biógrafa inglesa.

30  
2015 Falece Fátima Mernissi. Foi profesora universitaria marroquí e unha das voces máis relevantes da intelectualidade do mundo árabe. A súa obra dedicase á condición feminina na sociedade musulmá.

# Novembro

Tempo de mulleres

Mulleres no tempo



STES  
INTERINDICAL  
Organización de Mujeres



CONFEDERACIÓN  
INTERINDICAL  
Organización de Mujeres



Asemblea  
de Mulleres



STEG

# Escritoras en asturiano

RELACIÓN EN BABLE A LA  
PROCLAMACIÓN DE CARLOS IV  
FECHA POLA CIUDÁ D'UVIÉU (extracto)

Muncho me fuelgo, compadre,  
afayate cabo en casa,  
que traigo que te contar  
arriendes d'una semana  
Magar m'echó a'quisti mundu  
la madre de la mio alma  
ñin vi ñin cuidara ver  
cosa tan endremoniada.  
Daca acá el to tabaqueru,  
echaré una fungarada,  
porque la mio garapiña  
escaecióseme en casa.

Xosefa Xovellanos y Xove Ramírez



Xosefa

Xovellanos y Xove Ramírez



Berta

Piñán Suárez

Enriqueta


González Rubín

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
<b>Decembro</b>						
		1 2009 Rosa María Pereda publica en <i>El País</i> "La memoria de las mujeres".	2 1562 Nace Olivia Sabuco, en Alcaraz, filósofa y médica.	3 2013 Sara Otero del Amo (León) es premiada por la Unión de Escritores por su poema "Cumpleaños".	4 2003 Muere Dulce Chacón, novelista, defensora de los derechos de la mujer y de la paz.	5 1962 Nace Beatriz Barrocal Pérez, escritora infantil, juvenil y para personas adultas.
6 1913 Nace Mercedes Ballesteros Galbros. Escritora española de diversos géneros, que firmó con diferentes seudónimos (Rocq Morris, Sylvia Visconti o Baronesa Alberta en <i>La Codorniz</i> ).	7 1966 Nace Lucía Etxebarria, escritora vasca, en Vizcaya.	8 1925 Nace Carmen Martín Gaité, escritora, una de las figuras más importantes de las letras hispánicas del siglo XX. Premio Príncipe de Asturias de las Letras, en 1988.	9 1933 nace Hildegart Rodríguez Caballeira, novelista y ensayista feminista autora de "La Revolución Sexual".	10 1883 Nace en Pamplona Carmen Baroja y Nessi escritora y etnóloga.	11 1904 Nace Marge (Marjorie Henderson Buell), historietista estadounidense de <i>La pequeña Lulú</i> .	12 1942 Nace Amparo López Jean. Fue una activista galleguista, sufragista y presidenta de la Agrupación Republicana Femenina de La Coruña.
13 1988 Fallece María Teresa León Goyri, escritora española integrada en la generación del 27. Mujer comprometida con el conflictivo tiempo en que le tocó vivir.	14 1963 Nace Inmaculada García Haro, poeta andaluza.	15 2015 La escritora murciana Judith Romero presentará su primera novela, "Besos voraces y otros peligros".	16 1911 Nace Dolores Medio, Premio Nadal.	17 2011 Noemí Sabugal gana el XXXV premio "Felipe Trigo" de novela.	18 1972 Nace en Ibi, L'Alcoià, País Valencià, Lloris Picó i Carbonell, escritora y dinamizadora lingüística.	19 1821 Nace María Mendoza de Vives fue una escritora española, principalmente de poesía y novelas.
20 1977 Nace Anna Llenas. Ilustradora y diseñadora gráfica. Autora del cuento "El Monstruo de colores".	21 2007 Fallece Inocencia Pérez, poeta canaria.	22 1962 Nace Gema Ramos, escritora, fotógrafa y realizadora de cortos.	23 1988 Fallece Consuelo Berges Rábago, fue una traductora, periodista, escritora y biógrafa española.	24 1796 Nace Fernán Caballero, es el pseudónimo utilizado por la escritora y folclorista española Cecilia Böhl de Faber y Ruiz de Larrea.	25 1970 Nace en Santiago de Compostela María Solar, escritora y periodista.	26 1876 Nace Virginia Bolten, militante anarquista, sindicalista y feminista argentina. Dirigió el periódico anarcofeminista argentino <i>La Voz de la Mujer</i> .
27 1836 Nace Iris M. Zavala Zapata, escritora, historiadora, poeta e intelectual puertorriqueña.	28 1948 Nace en Barcelona María Victòria Secall i de Fermentino, poeta balear.	29 1936 Nace Angelina Muñoz-Huberman, escritora y poeta mexicana.	30 2009 Fallece Concha Linares-Becerra, popular escritora española de novelas rosas o románticas, entre los años 1933 a 1981.	31 2012 Fallece Susana Elida Dalmás Garcén, profesora y política uruguaya, integrante del Frente Amplio.		

Tempo de mulleres

Mulleres no tempo





# Actividades propostas

Estas actividades están resumidas. Actividades completas e anexos en [organizaciandemujeres.org](http://organizaciandemujeres.org)

## Xaneiro. Escritoras da Idade Media

### De 0 a 3 anos

Elaboraremos un breve conto coa vida de Wallada bint al-Mustakfi que relataremos con música de fondo (<https://www.youtube.com/watch?v=pVzeKXUD18Q>) comentando cos nenos e nenas. Preguntarémolles sobre o nome da princesa, onde vivía e o que lle gustaba facer. Falaremos sobre a súa escola e quen a asistía e comparáremola co noso "cole".

Prepararemos unhas caixas de cartón para decoralas entre todos e todas, e construír un castelo escola da princesa. Darémolles teas para xogar nel libremente. Adxuntamos o conto. Conto en [www.organizaciandemujeres.org](http://www.organizaciandemujeres.org)

### De 3 a 6 anos

Nunha follita en branco cada nena e neno vai debuxar a súa silueta e a través do debuxo van destacar o que máis lles gusta de si mesmas. Ten que ter todos os detalles posibles e estar pintado de cores. Cando estean rematados, cada nena e neno preséntao á asemblea contando cousas de si mesmas. Como se chama, como é a súa familia, que lle gusta facer, quen son as súas amigas e amigos. Cando remate a actividade, que pode durar dous ou tres días dependendo do número de alumnas e alumnos, a mestra ou mestre realizará a mesma actividade e explicará que fixemos a nosa autobiografía. Faremos un panel en clase expoñendo todas as autobiografías.

### De 6 a 9 anos

Escríbese no encerado a palabra AUTOBIOGRAFÍA e preguntábase se coñecen o significado. Se algunha persoa da clase o sabe, explícalo ao resto. Se non é así, explícaselles o significado da palabra.

Preséntase a Leonor López de Córdoba de xeito breve e adaptado á idade do alumnado, destacando a importancia de que sexa a primeira muller que coñecemos que escribiu unha autobiografía.

Cada persoa da clase ten que escribir a súa autobiografía. Pódenselles dar uns consellos para escribila ou unha ficha como a que hai a continuación para facilitarlle a tarefa.

#### CONSELLOS PARA ESCRIBIR UNA AUTOBIOGRAFÍA:

1º Ti es protagonista e a persoa que narra os feitos, por elo debes escribir en primeira persoa.

2º Debes contar os feitos de forma ordenada no tempo dende que naciches ata agora.

3º Escolle os sucesos máis importantes e destacados da túa vida. Xa podes comezar a aventura de

escribir a túa propia autobiografía. Lembra que é importante empezar por escribir os teus datos persoais.

Podes escribir sobre as túas experiencias coa familia, amigos... tamén sobre os teus gustos, afeccións, etc. Ao rematar vanse lendo unha a unha sen dicir o nome da persoa que a escribiu e o resto da clase ten que adiviñar de quen é.

### De 9 a 12 anos

Escríbese no encerado as palabras biografía e autobiografía e preguntásetes se coñecen a diferenza.

Preséntase a Leonor e fálase sobre as súas memorias. Explicásetes o valor que ten o texto. Esta muller foi capaz de romper o tabú de expresarse e de afirmar a súa propia visión das cousas.

- 1) Charlar en gran grupo das diferenzas que pensan que pode haber entre unha autobiografía escrita no século XIV por unha muller ou por un home.
- 2) Prepara un mural na clase con fotos de Leonor e pídeselle ao alumnado que escriba algo que lles chamara a atención das súas memorias, o algunha palabra que pensen que define ben a esta muller. Exponse na clase o nun dos corredores do centro.

### De 12 a 15 anos

#### Devólvelles a voz.

A clase divídese en grupos, asignando a tres delas as escritoras propostas neste calendario (Leonor López de Córdoba y Carrillo, Wallada bint al-Mustakfi e Isabel de Villena), e ao resto, axudándolles a atopar máis.

Unha vez seleccionada a artista que traballará cada grupo, deberán buscar en Internet varios textos da súa obra, e seleccionar todos aqueles fragmentos que máis transmitan, e que puideran ser pintados en paredes a modo de mensaxes grafiti.

Cada grupo deberá escoller aqueles espazos da súa localidade que considere máis importantes, xa sexa pola súa relevancia, tránsito de persoas ou por algún tipo de denuncia onde mellor ubicar o que lles gustaría facer.

Escollidos os lugares, sacarán fotografías dos mesmos e traeranas á clase para poder debuxalas en cartolinas.

Ilustrarán eses lugares cos fragmentos literarios seleccionados de xeito artístico, reivindicando as mensaxes que elixiran transmitir.

Finalmente farase unha

pequena exposición no centro dos traballos realizados, para dar a coñecer ao resto dos cursos o traballo destas artistas esquecidas, devolvéndolles a voz a estas mulleres ás que o tempo llela negou.

### De 15 a 18 anos

#### Ponte no seu lugar.

Divídese a clase en grupos, e a cada un deles asignaráselle unha artista (Leonor López de Córdoba y Carrillo, Wallada bint al-Mustakfi e Isabel de Villena), máis tantas outras como atopen ata que todos os grupos teñan a unha delas asignada.

Procederáse entón a recadar por grupos toda a información posible sobre a súa vida e obra, pero especialmente sobre a época na que viviu. Os membros do grupo gravarán unha entrevista de entre 10 e 20 minutos de duración no que se repartirán roles do xeito máis creativo que podan: unha deles pode ser a artista, outra pode facerlle preguntas sobre como de dura foi a súa vida, outra pode ser unha viaxeira no tempo que lle conte como podería ser todo diferente (ou non) se tivera nado agora, e ademais outros membros poden elaborar publicidade ou mensaxes creativos para os seus descendentes, ou até introducir un pequeno fío musical. A imaxinación é o límite!

As entrevistas subiranse a calquera plataforma dixital (como por exemplo <https://soundcloud.com/>) e daráselle difusión ao gran traballo que fixeron polas canles dixitais do centro educativo.

### Persoas adultas

As Memorias de Leonor López de Córdoba (1362/63-1430), que describen un mundo de mulleres pouco convencional, forman parte do canon literario. Trala lectura do seu libro (<http://web.colby.edu/sp398b-sp2019/files/2019/02/Leonor-Lopez-de-Cordoba-Memorias.pdf>), investiga onde reside a súa orixinalidade e por que se trata dunha obra pioneira na Historia da Literatura española.

Investiga sobre a figura de Isabel de Villena (1430-1490). As obras de ambas escritoras destacan pola súa grande orixinalidade e unha parte da crítica emárcaas nun discurso profeminista. Indaga por que, que rasgos as unen e se gozaron de prestixio e recoñecemento na súa época.


Escribe un artigo de prensa titulado "A liberdade dunha muller andalusí" co gallo do aniversario da poeta cordobesa Wallada bint al-Mustakfi (994-1091). Inclúe en dito artigo os seus trazos biográficos máis destacados, a descrición da súa obra literaria e a razón que xustifica o título do artigo. Emprega algún dos seus versos que podes seleccionar entre os seus poemas dispoñibles na seguinte URL:

<https://ciudadseva.com/autor/wallada-bint-al-mustakfi/poemas/>

## Febreiro. Escritoras do Renacemento

### De 0 a 3 anos

Amosarlles imaxes de como se vestían na época do renacemento e comparárolas coas nosas roupas actuais.



### De 3 a 6 anos

Amosándolles o cadro propoñémolles que inventen unha historia sobre o mesmo, axudándolles con preguntas que alenten a análise da imaxe. Podemos facer fincapé no que fan estas mulleres e o difícil que era para as mulleres daquela época acceder á cultura.

### De 6 a 9 anos

Relaciona cada muller coa súa imaxe e a obra que lle corresponde.

Olivia Sabuco de Nante Barrera		Cristalián de España
Beatriz Bernal		Nueva naturaleza del hombre
Luisa Sigea de Velasco		Syntra

### De 9 a 12 anos

#### Creamos un conto.

Entre toda a clase escribiremos unha historia a partir dun personaxe do libro de Beatriz Bernal, Cristalián de España.

Comenzará a mestra ou o mestre co seguinte texto:

*A maga Membrillo vivía nunha illa da que era dona. Era unha muller moi sabia, con coñecementos en matemática, lingua, ciencias e música. Nunca casou porque dicía que ninguén debía ter poder sobre ela...*

A partir deste texto, cada alumna e alumno irá ampliando a historia cunha frase ou dúas ata completar o conto. Ao finalizar o conto faranse partes

do texto e repartíranse entre o alumnado para que ilustren os personaxes, as escenas...

### De 12 a 15 anos

Dixo Virginia Woolf que "durante a maior parte da historia, 'Anónimo' era unha muller". Unha sentença certa aínda que hoxe honrosas excepcións: a vallisoletana Beatriz Bernal foi unha das

poucas mulleres escritoras das que o século XVI deixou constancia. Por grupos, analizar esta frase e expoñer as conclusións a toda a clase.

Investiga que outras obras aparecen como anónimas no Renacemento estando escritas por mulleres.

### De 15 a 18 anos

#### Olivia Sabuco.

Olivia Sabuco Alcaraz (Albacete) 1562, coñécese pola súa obra *Nueva Filosofía de la Naturaleza del Hombre, no conocida ni alcanzada por los filósofos antiguos, la cual mejora la vida y la salud humana*, obra de carácter científico de gran valor publicada en primeira edición en 1587. Sabuco avoga por unha reforma da ensinanza da medicina e da filosofía.

A obra de Olivia Sabuco tivo tanta importancia e transcendencia na súa época que, anos despois, cando se realizaron novas edicións sempre se puxo en dúbida que unha muller puidera escribir unha obra deste calibre.

Investiga un pouco sobre a obra desta muller e despois analiza estas dúas citas que falan da autoría da obra de Olivia e dá a túa opinión sobre elas:

- "Tan escasas son as novas biográficas desta singular muller que, cando o Dr. Martínez publicou en 1728 a 4ª edición das súas obras, había quen pensaba que non eran froito dun inxenio feminino, pensando que o nome de Doña Oliva Sabuco de Nantes fose só un pseudónimo."

- "O Dr. La-Guardia nunha edición francesa recente dos principais tratados de dona Oliva, insiste en dúbida da realidade da súa persoa, e intenta rastrexar, cotexando pasaxes das súas obras con pasaxes de Simón Abril, se sería este o verdadeiro autor."

Realizar un debate por grupos no que se trate o cuestionamento da súa autoría e buscar outros dous exemplos ao longo da historia de mulleres científicas ás que se cuestionara.

### Persoas adultas

O Renacemento é unha época da historia na que, como en moitas outras, a muller está relegada a ser "un mero enfeite para homes".

Que existan mulleres escritoras é algo excepcional, non só polo feito de escribir, senón simplemente polo feito de acceder á educación.

Como actividade pódese realizar un lapbook con algunhas destas mulleres. Propoñémollos algúns exemplos: Beatriz Bernal, Olivia Sabuco de Nantes ou Luisa Sigea.


## Marzo. Escritoras do Barroco. Século XVII

### De 0 a 3 anos

Escóitase fragmentos da audición "2 horas de Adaggios Barrocos" (<https://www.youtube.com/watch?v=9UEnUfUdDag>). Simultaneamente poden reflectir graficamente na caixa de area, con pintura de dedos... as emocións que lles transmite este tipo de música.

### De 3 a 6 anos

Observar e analizar en asemblea as imaxes destas mulleres, re-



latando o que ven, quen poden ser, que están facendo, a súa indumentaria, se son desta época ou non, que lles chama a atención, que aparellos utilizan, etc

Completar a información cunha breve biografía dalgunha das protagonistas, destacando os obstáculos que tiñan as escritoras doutras épocas.



### De 6 a 9 anos

Durante o período barroco tiveron moita aceptación as xustas literarias, certames literarios que non prohibían a participación das mulleres escritoras.

Realizaremos na clase un concurso de xustas poéticas, buscando previamente información sobre os temas dos que adoitaban escribir e elixindo como xurado a alumnado ataviado daquela época.

### De 9 a 12 anos

Ao longo do trimestre realizaremos unha actividade a partir da gamificación. Consiste en aprender a través do xogo. Para elo elaboraremos unha serie de tarefas a realizar, co conseguinte premio, a través do visionamento de vídeos, realización de actividades, etc.

- O xogo avanza a través dunha serie de niveis, que están relacionados co avance no temario de lingua: lector/a, escritor/a, editor/a, académica/o, etc.
- Para poder acadar cada nivel, o alumnado terá que obter distintas insignias, que poderán lograr mediante o visionamento e toma de apuntes dos vídeos, a participación

en actividades ou a reiteración de condutas positivas.

- Ao acadar un novo nivel, o alumnado obterá un ou varios logros, que lles darán beneficios nas clases ou na avaliación da materia. Realizáremolo desenvolvendo o currículo da materia, pero a partir das mulleres que saen no calendario e as súas obras.

Exemplo: <http://www.lacunadehalicarnaso.com/2017/07/como-converti-mi-clase-de-historia-en.html>

### De 12 a 15 anos

#### Adiviña o personaxe.

Faranse grupos de 5 nenas e nenos e cada grupo debe facer unha actividade chamada "adiviña o personaxe" para que o resto da clase pescude de que personaxe estamos falando. Centraranse nas tres mulleres do calendario (Juliana Morrell, María de Zayas Sotomayor e Ana Caro Mallén de Soto) e as necesarias da época para que cada grupo teña unha muller que investigar, por exemplo: Catalina Clara Ramirez de Guzmán, Angela María Tabares Martínez, Luisa Roldán, Juana Inés de la Cruz...

Por exemplo:  
- É eloxiada polo autor de "La dama boba"  
- Pertence a unha época de moita actividade intelectual e artística en España que recibe o nome ideado por Luis José Velázquez, un erudito e anticuario do século XVIII.  
- Algunha das súas obras están nun estilo moi típico desta época, ao igual que outra obra que narra a vida dun neno dende a súa infancia ata a súa idade adulta.

### De 15 a 18 anos

#### Scape Room.

Realizaremos un scape room *O conde Partinuplés*. O conde Partinuplés desapareceu e Rosaura non pode desposar. Axudamos a Rosaura a atopar ao seu amado?

Esta ligazón axuda a facer as probas: <http://www.lacunadehalicarnaso.com/2019/04/aprender-historia-creando-y-resolvendo.html>

### Persoas adultas

Despois de ver "Amor, agravio, muller" de Ana Caro Mallén de Soto, a clase elixirá unha pasaxe que deberá escenificar na semana cultural <https://www.youtube.com/watch?v=1J1PuwK6OLDY>

## Abril. Escritoras dos Séculos XVIII e XIX

### De 0 a 3 anos

**Audiolibros:** "O monstro de cores", tralo conto, poden facer unha actividade sensorial, na que a mestra ou o mestre lles dá diferentes obxectos de distintos materiais para así traballar texturas e cores (que xa viron no conto). Dentro das actividades de estimulación sensorial, pódense empregar infinidade de materiais e obxectos que estimulan os sentidos a través de actividades de xogo. [https://www.youtube.com/watch?v=\\_\\_NmMOKND8g](https://www.youtube.com/watch?v=__NmMOKND8g)

### De 3 a 6 anos

#### A mariola das escritoras dos contos.

Colócanse no chan, seguindo o modelo do típico xogo da mariola, pero en lugar de números, cada cela corresponderá a un personaxe do conto ou a unha escritora. O alumnado colocárase en fila, e o primeiro ou primeira terá que lanzar un cubo de cartolina ou un estoxo a unha cela. Despois terá que saltar á pata coxa ata a cela e cando chegue ali di o nome do personaxe e recolle o obxecto que lanzou. Se acerta o nome, segue xogando, se non, volve ao final da fila para seguir cando chegue a súa quenda.

### De 6 a 9 anos

**Canapés Literarios:** Para realizar esta actividade precisaremos: adiviñas en follas de cores, pinchos ou escarvadentes para canapés, doces brandos e unha bandexa. Realización: córtase a adiviña deixando espazo suficiente á dereita do texto, para botar cola e ir enrolando o papel no escarvadentes. Logo, pinchamos o doce e colocamos o canapé na bandexa.

Para facer esta actividade máis motivadora, podemos levar aos nenos e nenas á biblioteca ou podemos colocar en círculo a modo de asemblea.

O mestre ou a mestra pode ir pasando a bandexa un a un, para que lean a súa adiviña e entre todos e todas atinen de que se trata. Cando o alumno ou alumna que colleu o canapé, acerte a súa adiviña, sacará coa man o doce do escarvadentes e comerá.

### De 9 a 12 anos

#### Elaboración de Lapbooks das autoras.

**Material preciso:** tesoiras, cola, cartolinas, follas de cores, rotuladores de cores e ordenador con conexión a Internet.

**Realización da actividade:** Repartíranse as autoras do calendario e en grupos deberán buscar en Internet información sobre cada unha delas para elaborar un lapbook

sobre a súa vida, a súa obra, etc. para rematar cunha exposición.

A portada do lapbook será o retrato da autora que a cada grupo lle toque, de tamaño DIN A4, polo que o tamaño da cartolina sobre a que se vai traballar será DIN A3, que se dobrará en forma de díptico para que, ao abrirlo, se vexan dentro todas as pestanas nas que o alumnado distribuíu a información.

### De 12 a 15 anos

#### Victoria Carolina Coronado y Romero de Tejada.

Buscar a biografía desta escritora. Facer grupos de 4 alumnos e alumnas e crear un mural no que apareza a autora e elementos debuxados ou recortados relacionados con ela e a súa vida. (A súa biografía é moi fecunda, polo que é sinxelo asociar elementos á súa vida. Exemplo: alegación antitaurina, relacionar un toro, praza de touros... Seleccionar textos das súas obras que ilustren o mural. Materiais: cartolinas, tesoiras, cola, e cores para pintar.

### De 15 a 18 anos

Buscar información antes de preparar a actividade dos temas feministas que M.<sup>a</sup> Rosa de Gálvez trata nas súas obras. Unha vez realizado este traballo, realízase un debate organizado por preguntas de palabra, referente a se esa temática é actual ou non en pleno século XXI; se avanzamos; en que; por que as mulleres xa eran feministas dende vai séculos e nos atopamos aínda no punto no que estamos en materia feminista...cuestións entre outras que se deben debater e analizar. O profesorado apuntará ideas que vaian xurdindo e dirixirá o coloquio, apuntando as ideas máis relevantes que saian.


-Localizar o primeiro manifesto feminista escrito por Margarita Pérez de Celis e M.<sup>a</sup> Josefa Zapata, e un manifesto do 8M de 2020 e comparalos. Semellanzas en reivindicacións? Diferenzas?

### Persoas adultas

Facer grupos de tres persoas nos que se organicen e repartan as tarefas de investigación sobre: o papel das mulleres no século XVIII e século XIX. Comparar estes dous séculos coas súas similitudes e diferenzas, avances e retrocesos. Elixir unha clase para a posta en común e ir reflexionando sobre toda a información dada.

- Margarita Pérez de Celis e M.<sup>a</sup> Josefa Zapata pertencían ao movemento obreiro Fourierista en España. Investigar de xeito individual en que consistía este movemento. Unha vez feito, buscaranse outros movementos obreiros para poder facer unha comparativa incidindo en se a participación das mulleres foi igual ou non nos distintos movementos obreiros.





# Actividades propostas

Estas actividades están resumidas. Actividades completas e anexos en [organizandemujeres.org](http://organizandemujeres.org)

## Maio. Escritoras do Século XX

### De 0 a 3 anos

As actividades de 0 a 1 ano estarán relacionadas co descubrimento dos contos a través da narración oral así como da vista e o tacto.

- O bebé interactúa dende as palabras que escoita das persoas próximas nun primeiro momento, logo pasará a tocar libros maleables de tea, plástico, etc con imaxes cotiás.
- Proporcionar aos bebés libros que poidan manexar ben. Que os toquen, os mirenen. Segundo avanzan en idade iráselles verbalizando o nome dos debuxos.
- Sentar á criatura no colo da educadora ou educador que irá contando e xesticulando un conto que posúa repeticións continuadas cada x tempo de xeito que anime ao cativo ou cativa a repetir. Exemplo: e a señora chegou e o can dición guau, guau e guau. Este último guau deixámo-lo en suspense para que o repita quen escoita.

### De 3 a 6 anos

#### Coñecendo a Josefina de la Torre.

Será un traballo de colaboración familia-escuela. Divídese o alumnado en grupos de 4 ou 5 segundo a aula. O grupo n°1 pescudará cada cal coa súa familia a seguinte pregunta: onde naceu, cando, e se tiña irmáns Josefina de la Torre? Acompañar o traballo con fotos do momento. O grupo n°2; onde viviu, estudou e traballou? O grupo n°3; a que se dedicaba, que lle gustaba? grupo n°4; cando empezou a escribir e que lle gustaba escribir? grupo n°5; procurar obras escritas por ela e elixir unha. Darase un prazo dunha semana para traelo. Mentres preparárense na clase cinco paneis onde se colocarán as aportacións do alumnado. Cando estea listo o panel procederemos a explicar por grupos o resultado da busca sobre o traballo suxerido ao resto de alumnado da aula.

### De 6 a 9 anos

Reunido o alumnado en asemblea preséntanse as figuras de: Josefina de la Torre, María de la O, Lejarraga García, Josefa Rodríguez Álvarez e Carmen Baroja y Nessi facendo unha curta descripción delas.

Distribúese o alumnado en cinco grupos. A cada grupo asignáse unha escritora e propónse un traballo individual de pescuda a partir das seguintes preguntas o cal será exposto nun panel.

1. Onde naceu e viviu a escritora?
2. Que tipo de libros escribía?
3. Foille doado facer un oco como escritora?
4. Só era famosa por escribir? A que máis

se dedicaba?

5. En que xénero literario destacou?

### De 9 a 12 anos

Realízase unha proxección sobre as biografías de Josefina de la Torre, María de la O, Lejarraga, Josefina Rodríguez Álvarez e Carmen Baroja y Nessi a partir do traballo de pescuda que realizou o alumnado.

Reunido en asemblea, previa explicación do profesorado, o alumnado divídese en 5 grupos. A cada grupo asignáse unha escritora. O alumnado realiza un traballo complementario a partir das seguintes preguntas. Cada pregunta desenvolverá un alumno ou alumna sobre a escritora asignada ao seu grupo:

En que ano naceu e viviu dita escritora? A que organizacións pertenceu e que defendeu? A que xeración pertencía e que relación tivo coa mesma? Que características tiña a súa poesía? Que tipo de libros escribiu? En que xénero destacou?

### De 12 a 15 anos

Unha das protagonistas deste mes, Josefa Rodríguez Álvarez (Josefina Aldecoa), está ligada a Lanzarote e a Graciosa.

1. Por que está ligada a estas illas? En que libros se reflicte?
2. Recadar información destas illas a través de atlas, mapas e internet. Realizar murais en grupos de catro debuxando e colocando correctamente estas illas.

### De 15 a 18 anos

O pasado ano 2020, o Día das Letras Canarias foi dedicado a Josefina de la Torre.

- Busca información sobre ela.
- 1. Individualmente farán un traballo sobre a aportación de Josefina ao feminismo.
- 2. Debate na aula sobre a dificultade das mulleres na literatura e a divulgación das súas obras.

### Persoas adultas

"Un réxime de libertad, fundado en la lealtad y limpio, está obligado a liberar a la mujer, a romper cadenas seculares, a dejarle las manos libres y a echar sobre sus hombros, para que la lleve a medias con el hombre, la carga de responsabilidad"

María de la O Lejarraga

Tendo en conta que M. de la O faleceu en 1974...

- 1.- Farsase un debate sobre se está de actualidade dita frase e por que.
- 2.-Que temos avanzado desde mediados do século pasado á actualidade?
- 3.-Que teñen en común as mulleres que traballamos este mes?



## Xuño. Escritoras do Século XX

### De 0 a 3 anos

#### Teatrío para todas e todos.

Na etapa de 0 a 3 anos consideramos que é fundamental fomentar a actitude do coidado e o respecto cara os outros. Así, esta actividade está deseñada para que os nenos e nenas maiores escenifiquen a poesía de Gloria Fuertes "El erizo y la eriza" aos menores.

**Objetivos:** Promover a atención polo coidado aos demais. Contribuírase a favorecer a linguaxe verbal e non verbal a través da mímica, con xestos e movementos para expresar emocións a través da expresión corporal e animáraselles a ampliar o seu vocabulario.

**Metodoloxía:** Activa e participativa. Pequeno grupo.

**Materiais:** Elementos que sirvan para representar os personaxes e os compoñentes que se queiran amosar: a ouriza e o ourizo, o seu tobo, a bufanda, as flores, etc. Todos estes materiais pódense preparar coa colaboración dos alumnos e alumnas ou pedir a participación que sexa posible.

[https://youtu.be/ku48C\\_5rybY](https://youtu.be/ku48C_5rybY)

### De 3 a 6 anos

#### Aproximación á linguaxe escrita.

No contexto de actividades sobre o desenvolvemento da Conciencia Silábica:

**Poema:** Doña Pito Piturra <http://gloriafuertes.weebly.com/dontildea-pitu-piturna.html>

#### Desenvolvemento da actividade:

1. Presentación, título, personaxe que aparece, lectura do poema (polo docente).
2. Visualización do poema en PDI.
3. Identificar o título e as veces que aparece o personaxe.
4. Rodear a última palabra de cada verso.
5. Palmear as palabras rodeadas e contar as palmadas.
6. Introducir as palabras (escritas previamente) na "botella come palabras" que corresponda.

### De 6 a 9 anos

#### «Poema al No»

No a la tristeza.  
No al dolor.  
No a la pereza.  
No a la usura.  
No a la envidia.  
No a la incultura.  
No a la violencia.  
No a la injusticia.  
No a la guerra.  
Sí a la paz.  
Sí a la alegría.  
Sí a la amistad.

Gloria Fuertes

#### Gloria Fuertes.

1) Pódese facer un Acróstico co seu nome, e elixir versos dos seus poemas que comecen por cada unha das letras do seu nome, seguramente, quede un poema moi orixinal e gracioso.

2) Ler en voz alta aos nenos e nenas os poemas *Cómo dibujar un gato*, *Cómo se dibuja un payaso*, *Cómo se dibuja un paisaje*, etc., e mentres lleemos, eles e elas van debuxando. E até pode ser o propio alumnado quen lle loa ao resto dos seus compañeiros e compañeiras.

3) Elixir un poema, do tipo *Poema del No*, e animar ao alumnado a continuarlo

<https://triananos.com/mi-recuerdo-a-gloria-fuertes-poema-al-no/#sthash.yjzfxZ1.dpbs>

### De 9 a 12 anos

#### Cinco poemas de Rosa Clotilde Chacel.

**Actividade:** A actividade consiste en facilitar ás alumnas e aos alumnos os poemas sen o título. Realízase a lectura e recitado dos mesmos, revísase o vocabulario que non coñecen e lévase a cabo unha posta en común das primeiras impresións sobre os poemas. Cada alumna e alumno escribirá o nome que poría a cada poema e compartirano entre todas e todos na clase. Finalmente darase a coñecer o nome real dos poemas de Rosa Chacel.

### De 12 a 15 anos

Para a actividade longa de desenvolvemento propoñemos un proxecto de aula:

**Mulleres esquecidas: As Sinsombreiro.** Propoñemos o visionamento deste documental realizado por Tania Balló directora do proxecto Toma de conciencia. <https://www.rtv.es/alacarta/videos/imprescindibles/imprescindibles-sin-sombreiro/3318136/>

Facemos un reparto de fotografías e cada participante converterase por un tempo na autora que lle corresponde pescudar xunto co seu grupo.

Neste proxecto o noso obxectivo final é a divulgación. Para elo propoñemos situar nun espazo do centro ou da cidade unha exposición con materiais xerados polo grupo clase ou polo nivel que corresponde á ESO, implicando aos diversos cursos destas etapas.

1. Partimos dunha organización da aula en grupos de traballo onde podamos xerar 4 grupos. A nosa primeira proposta é a inmersión no mundo dixital buscando todas as referencias relacionadas coa biografía destas dúas autoras. PROPONÉMOS A PREGUNTA: QUEN SON AS SINSOMBREIRO?

2. Dous grupos organizan un vídeo onde se gravan os momentos máis interesantes da súa biografía, contamos para elo coa posibilidade de disfrazarnos con elemento simbólico que represente a cada unha delas. Así poderán intervir todos os membros do grupo sen necesidade de parecido. ELIXIMOS UN SOMBREIRO. (Este elemento sirvenos de enlace co tema que unifica).

3. Os outros dous grupos elaborarán un Power Point onde se van recollendo documentos visuais, referencias literarias, citas, participación en momentos decisivos do mundo intelectual ao que pertencen, facendo unha selección do material atopado que sirva para poñer de manifesto a súa valía intelectual.


### De 15 a 18 anos e Persoas adultas

#### Homenaxes.

No seguinte catálogo comprobamos que as nosas catro escritoras foron obxecto dunha edición filatélica. En cada caso investigamos a data, o motivo e a imaxe elixida para a súa aparición filatélica. A partir do selo debateremos acerca do que aportou cada unha delas ás letras españolas e á loita feminista. Ocorrénseche outros nomes da súa mesma época? Todas teñen un selo, terán tamén un instituto ou colexio co seu nome? Elabora unha relación dos centros educativos da túa comunidade que levan o seu nome. Sabes que unha delas até apareceu decorando a cola dun avión da compañía

Noruega de Aerolíneas? Atrévete a deseñar un monumento que simbolice a súa forza como mulleres? Elix unha cita ou poema de cada unha e debuxa a túa propia homenaxe escultórica, preséntallo á clase mentres explicas a súa simboloxía.

Catálogo de selos: [http://www.correos.es/ss/Satellite/site/coleccion-1364896519670-galeria\\_selos](http://www.correos.es/ss/Satellite/site/coleccion-1364896519670-galeria_selos)



## Xullo. Escritoras do Século XXI

### De 0 a 3 anos

#### Poema: "INMENSA" de Hasbia MOHAMED

Lemos o poema varias veces explicándolles as palabras descoñecidas

Formulamos aos nenos e nenas preguntas sobre o poema.

Propoñémoslles que imaxinen o mar.



#### Inmensa

Inmensa, inmensa la mar que pasea a nuestro son, de calma y frescura. Paseo por el espigón de orillas salinas, astro de la tarde de miradas ocultas.

Debuxamos o mar nunha cartolina grande e coloreamos.

Facemos un barco de papel e poñémolo sobre o mar. Buscámoslle nome ao barco.

Ao redor da clase damos voltas recitando a poesía e simulando que estamos nadando.

### De 3 a 6 anos

#### Autora elixida: Fuensanta Muñoz Clares.

##### Quen é Fuensanta Muñoz Clares?

Os nenos e as nenas coñecerán un pouco sobre a autora: quen é, que fixo, onde vive, a que se dedica... Coñecerán que é activista e defensora de dereitos; escritora de poesía, contos e teatro. Tras coñecerla, o ou a docente lerá un poema adaptado para o alumnado e este realizará un debuxo sobre a historia.

#### Serei coma ti...

Nesta actividade, como Fuensanta, os nenos e as nenas vanse converter en escritoras e escritoras, polo que coa axuda do ou da docente van presentar ou deseñar unha historia. Desta forma van escribir un relato curto. Nesa historia intentaranse defender os dereitos da muller, expoñendo un conflito como tema principal. Podendo ser este o seguinte: "estamos no pavillón polideportivo e non nos deixan participar nun partido de fútbol porque as nenas e os nenos non poden xogar xuntos".

Partindo desta situación, cada neno e nena irá ofrecendo unha idea para completar o relato, á vez que o ou a docente recolle o que cada un di para que deste xeito podan poñerse no lugar da nosa protagonista, Fuensanta.

### De 6 a 9 anos

**Completar coas familias unha ficha** sobre as escritoras Almudena Grandes, Nieves Álvarez e Hasbia Mohamed. Buscar por internet e ver fotos delas. Poñer en común posteriormente.

- Nome:
- Idade:
- Onde vive:

- Profesión:
- Nomea tres obras importantes súas:
- Algún premio recibido:

**Escoitar a entrevista a Almudena Grandes** no programa *La Estación Azul de los Niños*. Conto "Adiós Martínez".

Versión curta: [https://mediavod-ivlt.rtv.es/resources/TE\\_SESAZ-NI/mp3/8/9/1370596722498.mp3](https://mediavod-ivlt.rtv.es/resources/TE_SESAZ-NI/mp3/8/9/1370596722498.mp3)

Versión longa: [https://mediavod-ivlt.rtv.es/resources/TE\\_SESAZ-NI/mp3/1/2/1370622938121.mp3](https://mediavod-ivlt.rtv.es/resources/TE_SESAZ-NI/mp3/1/2/1370622938121.mp3)

Lemos na clase en voz alta o conto "Adiós Martínez". En idades máis temperás, o docente ou a docente le todos os días un pouco do libro en clase.

En grupos de catro, realizamos un role-play da parte que máis nos gustara do libro.

### De 9 a 12 anos

#### Tecemos teas de araña.

**Tarefa 1:** En pequenos grupos de 4 ou 5 alumnos e alumnas búscase información sobre quen é Hasbia Mohamed para realizar a súa biografía. Tamén se busca o seu poema "Telas de araña".

Ler en gran grupo o poema anterior e ir subliñando as palabras que non se coñecen do poema "Telas de araña" de Hasbia Mohamed para buscar o seu significado despois.

**Tarefa 2:** Visualizar "Cómo tejen las arañas su tela y cómo cazan". Comentar o que se viu en gran grupo. Comentar en que se pode parecer a actividade das arañas e o poema de Hasbia, buscar as similitudes.

**Tarefa 3:** Que significa ser activista solidaria. Buscar o seu significado. Fuensanta Muñoz Clares: quen é e por que se considera activista. Busca de obras e comentario das mesmas.

**Tarefa final:** Elaborar unha colaxe coa información obtida e o comentado na clase. A colaxe mantárase en fíos de lá, imitando as teas de araña, onde se engadirán: fotos, debuxos, pequenos textos...

### De 12 a 15 anos

**Actividade en pequenos grupos ou parellas.** Cada grupo elixe unha autora e unha publicación da mesma buscándoa na rede e tamén comentarios sobre a devandita obra (temática, as súas características, importancia, o que supuxo na época e/ou na literatura da rexión, país, etc.). Coméntanse os resultados obtidos no grupo e realízase unha breve redacción para expoñela logo en gran grupo, incluíndo un pequeno fragmento do obra que exemplifique o que se quixo dicir (a súa importancia, novidade, estilo, etc.).

### De 15 a 18 anos e Persoas adultas






**Actividade en pequenos grupos/parellas.** Cada grupo elixe unha autora diferente do mes de xuño e busca imaxes onde se observen mulleres da época e a zona onde naceu a autora, de distintos sectores sociais. Analizar o papel ou papeis que cren que tiñan as mulleres en base a ditas imaxes.

**Actividade en gran grupo.** Posta en común en grupo grande das conclusións ás que se chegou.

## Agosto. Escritoras do Século XXI

### De 0 a 3 anos

#### O monstro de cores.



Anna Llenas (Barcelona-1977), é a escritora e ilustradora do conto *O monstro de cores*. A través do texto e das imaxes invita á nena e ao neno a coñecer as súas emocións. O protagonista do conto é un monstro que cambia de cor segundo o seu estado de ánimo.

Aínda que, en ocasións, non sabe o que lle pasa, ou está sentindo moitas cousas á vez, e o seu corpo é de moitas cores.

**Contade o conto de O monstro de cores** ao alumnado ou que vexan o conto na seguinte ligazón: <https://www.youtube.com/watch?v=NmMOKND8g>

Realizar os monstros de cores con material reciclado, por exemplo cos tubos de cartón do papel hixiénico. O alumnado poderaos pintar das diferentes cores que ten o monstro de cores, aínda que para a expresión facial precisará a axuda do titor ou titora. Cando os teñan poden xogar en pequenos grupos a escenificar o conto. E até escenificar os diferentes estados de ánimo: estamos alegres, enfadados, tranquilos, tristes ou asustados.

### De 3 a 6 anos

#### Salvaje.

Emily Hughes (Hawai-1991), escribiu e ilustrou este conto, *Salvaje*, en 2013. Nel retrata a vida dunha nena que se criou no bosque xunto aos animais. Alí é feliz. Un día, atópána dúas persoas e lévana a vivir con elas. Debe aprender as súas regras, pero non se adapta e decide volver a onde é feliz, o bosque. Neste enlace tedes o conto: <https://www.youtube.com/watch?v=SKUCC-nGSVE>





Unha vez que lle contedes o conto ou o vexades no enlace, preguntádelles por que cren que a nena salvaxe e as persoas eran tan diferentes.

As nenas e os nenos pensan ou actúan de forma moi diferente ás persoas maiores?. En que?, Que pensan que é mellor ser pequeno/a ou maior?, Que les gusta facer dun xeito que a súa familia lle guste doutra forma? ...

Por último, que realicen un debuxo deles e delas facendo aquilo que máis lles gusta. A titora ou titor colgará todos os debuxos formando un mural con título (ou similar): O que me fai máis feliz é....

### De 6 a 9 anos

#### Quero ser pirata.



A ilustradora e escritora Mónica Carretero, gañou un importantísimo premio na feira do libro de Londres co seu conto *Manual de Piratas*. [https://issuu.com/cuento\\_de\\_luz/docs/manual-de-piratas-issuu/13](https://issuu.com/cuento_de_luz/docs/manual-de-piratas-issuu/13)

A través do cal propoñémosvos as seguintes actividades: Inspirados no título do conto, pensa-entre toda a clase como sería un manual perfecto de piratas:

- Se forades unha ou un pirata, como seríades?

- Describe como sería o voso aspecto físico.
- Como sería o voso barco.
- Onde viaxariades? Debuxade as vosas rutas nun mapa.
- Explicade cal sería a vosa misión.
- E por último deseñade e create o voso disfraz.
- Para rematar, preparede un monólogo para explicar todo o que tedes elaborado ao resto de compañeiros e compañeiras.

### De 9 a 12 anos

#### Misterio con perspectiva de xénero.

Paloma Sánchez-Garnica é unha escritora española á que lle gusta moito escribir novelas de misterio.

A continuación, propoñémosvos, en grupos de 4 inventades unha historia de misterio sobre a vosa escola. Retámosvos a que as vosas historias teñan que superar o *test de Bechdel*. Podedes informarnos en que consiste este test antes de escribilas. Cando rematedes todas as historias, podedes compartilas coas vosas compañeiras e compañeiros.

Finalmente, podedes xuntalas todas e crear un libro para que forme parte da biblioteca do centro.

### De 12 a 15 anos

#### Uno de corazones.

Inmaculada García Haro, é unha poetisa nada en Málaga que titulou un dos seus libros de poemas *Uno de Corazones*.

Inspiradas e inspirados neste título, propoñémosvos que cada unha e un de vos escriba tres palabras en tres anacos de papel. Despois mesturade todos os papeis nunha bolsa. A continuación, individualmente collede 3 papeis e inventade un pequeno poema que conteña obrigatoriamente as 3 palabras que vos tocaron. Cando rematedes podédelos ler en voz alta, e o resto de compañeiras e compañeiros poden intentar adiviñar o significado que lle quixestes dar ao voso poema. Finalmente, podedes buscar en internet o poema de Inmaculada, lelo entre toda a clase e tentar atopar o significado.

**Q noso reto é:** Somos capaces de saír do amor romántico cando escribimos poemas?

**De 15 a 18 anos e Persoas adultas**


#### Divas rebeldes.

Cristina Morató é unha importante escritora que, cos seus libros, visibilizou a mulleres de mulleres. Nun dos seus libros titulado, *Divas rebeldes*, fálanos da vida de 7 mulleres coñecidas polas súas vidas mediáticas, auténticos mitos do século XX: María Callas, Coco Chanel, Wallis Simpson, Eva Perón, Barbara Hutton, Audrey Hepburn e Jackie Kennedy. Estas sete mulleres de lenda compartían dolorosas feridas que nunca chegaron a cicatrizar.

Individualmente, buscar información sobre algunha diva rebelde (escritora, ilustradora, xornalista, artista, influencer, ...)

o alumnado admire. O requisito imprescindible que debe ser feminista.





# Actividades propostas

Estas actividades están resumidas. Actividades completas e anexos en [organizaciendemujeres.org](http://organizaciendemujeres.org)

## Setembro. Escritoras en catalán

### De 0 a 3 anos



**Asemblea:** Distribuímos libros para que o alumnado tome contacto con eles e façamos a lectura dun texto.  
**Distribuímos unha ficha** tamaño cartolina por grupo. Pintamos.

### De 3 a 6 anos

Introducimos en asemblea mediante preguntas. Sabedes que é unha escritora?

Que fan as escritoras?

Presentamos imaxes de escritoras e falamos sobre elas, de onde son, que escriben, se oíron falar delas, se lles gustaría ser escritoras, etc. Colocamos a todas as escritoras traballadas nas paredes da clase.

### De 6 a 9 anos

1. En asemblea iniciamos un diálogo sobre as escritoras da nosa comunidade. Coñecemos algunha escritora? Cal é o traballo das escritoras? Credes que é doado o seu traballo? Gustaríavos ser escritoras?
2. No seguinte enlace buscar escritoras e facer un listado con algunhas delas que vos parezan máis interesantes polo tema que escriben. <https://animosa.es/blog/letras-galegas-escritoras-galegas/>
3. Elixir unha delas e investiga na web: Como se chama? Cando e onde naceu? Coñecíaselle por outro nome? Cales son as súas obras máis destacadas?



[https://es.wikipedia.org/wiki/Caterina\\_Albert](https://es.wikipedia.org/wiki/Caterina_Albert)  
<https://letra.uoc.edu/es/autoral/margarita-ballester.pdf>  
[https://es.wikipedia.org/wiki/Isabel-Clara\\_Sim%C3%B3](https://es.wikipedia.org/wiki/Isabel-Clara_Sim%C3%B3)

### De 9 a 12 anos.


1. Presentamos en asemblea ás escritoras do mes de setembro. O alumnado fará un pequeno traballo sobre unha delas resaltando o que máis valora.
2. Escribe un relato no xénero que prefiras.
3. Faremos un libro para todo o alumnado con todos os relatos.

### De 12 a 15 anos

**Título: Tres monxas empoderadas:** Sor Isabel de Villena, Santa Teresa de Jesús e Sor Juan Inés de la Cruz.

**Metodoloxía:**

1. Visionamento do vídeo: <https://www.youtube.com/watch?v=YwMzEiZEWEw>
2. Entrégase o poema de Sor Juana Inés de la Cruz sen dicir de quen é e pídeselle ao grupo que xustifique quen é a autora.
3. Elixir unha autora e investiga sobre ela.
4. Lectura previa da obra "Joel" de Clara Simón.



### De 15 a 18 anos

**Título: Tres monxas empoderadas.**

Presentamos ás tres autoras que imos traballar: Sor Isabel de Villena, Santa Teresa de Jesús e Sor Juan Inés de la Cruz.

1. Elixir unha autora e investiga sobre ela. Posta en común. Por que son precursoras en relación á súa obra? Por que hoxe se consideran feministas?
2. Escribe unha pequena biografía da autora elixida e analiza que características destacadas que xustifiquen que é feminista.

### Persoas adultas

**Materiais:** Poema "Hombres necios que acusáis" de Sor Juana Inés de la Cruz, web.

**Metodoloxía:** GC, PG

1. Posta en común acerca da vixencia da mensaxe que transmite o poema de Sor Juana Inés de la Cruz.
2. Escribe un Poema. Recítamos en clase.
3. Organízanse grupos de tres persoas do mesmo sexo. Reflexións de grupo: O protagonista debe quedarse na casa durante moito tempo por mor dunha enfermidade (Joel). Este ano vivimos unha experiencia similar a causa dun virus que nos afectaba a todas e todos. De que xeito nos temos organizado na nosa familia? Cres que o reparto das tarefas do fogar e a axuda nos deberes se realizou de xeito equitativo?
4. Reorganízanse os grupos. Agora de 6, compostos de tres rapazas e de tres rapaces. Póñense en común as reflexións dos equipos anteriores.

## Novembro. Escritoras en euskera

### De 0 a 3 anos



Comenzaremos a actividade coa lectura dun conto que se desenvolve no País Vasco onde aparecen palabras en euskera para que se vaian familiarizando con elas. Elixiremos un conto deste libro e lerémolos en castelán e en euskera. Ensináremoslles imaxes con palabras que aparecen no texto en ambas linguas. As nenas e os nenos repetirán.

### De 3 a 6 anos

#### As Lendas.

Explicaremos ao alumnado o que é unha lenda (historia de feitos sobrenaturais ou naturais ou ambos que se transmiten de forma oral de xeración en xeración) e que actualmente moita xente dedícase á recopilación destas lendas para que non se perdan.

Un lugar onde hai moitas lendas é o País Vasco. Leremos a lenda da deusa Mari.

<https://psicologiaymente.com/cultural/leyendas-vascas>

Ensináremoslles imaxes do monte onde se supón que vive a deusa Mari. A partir da historia contada, entre toda a clase imaxinaremos como é Mari, irémola debuxando segundo vaian describindo a súa aparencia (pelo, ollos, boca, corpo, brazos, mans...) así construíremos a nosa propia deusa Mari.

Buscarán palabras en euskera que fagan alusión a termos que figuran na lenda. Debuxaranas e escribirán as palabras en euskera e castelán debaixo do debuxo. Decoraremos a clase cos debuxos feitos polas nenas e os nenos. Construírán as palabras.

### De 6 a 9 anos

Leremos o poema da escritora Itxaro Borda titulado "YO" en castelán, "I" en euskera. Unha vez lido, substituíremos as palabras: bicho, negro, látegos, deserto, bágoas, crocodilo, pedras, serpes, corazón, neve, branca.

Volveremos a escribir o poema, substituíndo as palabras elixidas (tanto en euskera como en castelán) polo debuxo correspondente. Lerémolo varias veces, substituíndo o debuxo polo nome. Posteriormente faremos un xogo: as nenas e os nenos situaranse ao final da clase, irelles ensinando o debuxo das palabras traballadas e deben dicir o seu nome. a primeira ou o primeiro que o diga da un paso ao fronte ata que cheguen á miña altura.

I	EU
Afrika nere larruaren beltza errendikaten dut azoteko udalatu hildoetarik iurutzen diren hitz eta negarren ilunaz janzten naiz.	Un bicho raro reclamou o negro da miña pel dos mortos aos látegos. Estou vestindo o negro das cabezas e das bágoas.
Nil ibaiaren iturrietako uretan amets iheskorren kristalezko materia edan nuen eta Kalahari mortuan zehar noa hatsaren eske.	Sonhos fuxitivos nos mananciais do Nilo. beber materia cristalina Eu e eu atravesamos o deserto de Kalahari pedindo folgo.
krokodil bat daukat bihotzaren orde...	Teño un crocodilo en lugar dun corazón...
harrien azar higatuek haserrearen abesti lasaiak kantatzen dituzte beti Tibestiko suge xotilen buruko likidoak berotzeko.	As tranquilas cancións de ira erosionadas polas pedras eles sempre cantan Para queantar a cabeza fluídos de pequenas serpes tibiais.
elur zuri eternalak gordetzen duen arima minberena Kilimandjaro kaskoan dago gizakumei esperantzazko keinuak bakarti igortzen.	A alma máis dolorosa salvada pola eterna neve branca Kilimanxaro está no casco emitindo xestos solitarios de esperanza aos homes.
krokodil bat daukat bihotzaren orde...	Teño un crocodilo en lugar dun corazón...

### De 9 a 12 anos

#### Actividade.

Itxaro Borda é unha escritora vasca que creou un personaxe Amaia Ezpeldoi que é unha detective que desenvolve a súa acción no País Vasco.

Unha detective a que se dedica? É aquela persoa que pescuda certos feitos, así como as circunstancias que os rodearon, e las persoas relacionadas ou involucradas cos mesmos.

Imos ser detectives e a partir dunha serie de pistas que atoparemos nun escenario teremos que desentrañar o misterio: "O caso da bruxa de Zugarramudi". Durante un

vernes de tormenta na cova de Zugarramudi víronse estrañas luces e oíronse rúidos enordecedores, a xente do lugar asustada non sae das súas casas. Ao día seguinte non atopan rastro de Mari, a rapaza máis triste e solitaria do pobo. Que sucedeu? Onde está Mari? Comezamos a investigación na súa casa onde atopamos todo desordenado e gran cantidade de mobles rotos, un cacho de tea do vestido de Mari e nada máis... ou iso é o que parece a primeira ollada...

A partir de eses datos elaboraremos un libro lupa coas pistas para chegar a resolver o caso e unha placa e carné de detective para cada unha das nenas e nenos.

**Para o libro lupa precisamos:**

- Transparencias tamaño folio
- Cartolinas negras tamaño folio
- Rotulador permanente negro
- Cartolina branca tamaño folio para a portada
- E unha historia que contar: podeades calcar un conto ou botarlle imaxinación.



**Para a placa precisamos:**

- Modelo placa: Para imprimir o modelo só tes que pulsar na imaxe, imprimir e se podes plastificala quedará moito máis resistente.
- Imperdible para enganchar a placa a camiseta.

<http://recursoseducativos-qui.blogspot.com/2016/12/actividades-y-juegos-para-se-unos.html>

### De 12 a 15 anos

#### Actividade.

**Traballo en pequeno grupo sobre o euskera e o País Vasco:**

Imos investigar o euskera e a coñecer un pouco o País Vasco, para elo traballarán en pequenos grupos. En grupos de 5 ou 6 persoas distribuiránse as seguintes tarefas:

**Itxaro Borda** é unha escritora vasca que escribiu varios libros nun dialecto do euskera chamado sulletino, dialecto que se fala nunha rexión concreta do País Vasco. **Un grupo de alumnas e alumnos pescudarán sobre este dialecto**, a rexión onde se fala e farán un traballo para presentar ao resto da clase.

**Outro grupo** investigará sobre a orixe do euskera, zona de influencia e dialectos do mesmo. Unha vez rematado o traballo exporase ante a clase.

**Outro grupo** fará pescudas sobre as lendas do País Vasco e farán un traballo sobre estas que tamén presentarán á clase.

**Outro grupo** investigará sobre escritoras vascas, tanto de narrativa coma de ensaio ou poesía e farán un dossier sobre elas.

Agora hai varias escritoras vascas moi populares, entre elas Dolores Redondo e Eva García Sáenz de Urturi. Buscarán información sobre elas e investigarán sobre os lugares onde se desenvolve a acción das súas historias. Elaborarán unha presentación coas rexións onde se desenvolve a acción das súas historias.

### De 15 a 18 anos e Persoas adultas

#### Actividade.

A partir deste fragmento de "El cuaderno rojo" (fragmento) de Arantxa Urretabizkaia

"Cuando llega el autobús, todo su disimulo resulta inútil, pues necesita el dinero justo para el billete, según le hace saber el conductor casi a gritos. L tarda en encontrar las monedas y, nada más pagar, se encuentra con la mirada de la chica. Siente la cara roja, el corazón en la garganta. Tres paradas más adelante se bajan las dos amigas y se separan allí mismo, antes de que el autobús reanude su marcha. La chica se queda en la misma parada, al parecer a la espera de otro autobús, sola. L no se mueve. Le parece que no está preparada para hablar con la chica, que si se apresura demasiado puede estropearlo todo. La desazón se apodera de ella cuando el autobús echa a andar de nuevo, como si abandonara a la chica en medio del desierto.

No la he perdido, se obliga a repetir un par de veces. Se suelta el pelo recogido en la nuca, sin pensar en lo que hace. Para cuando el flequillo vuelve a su sitio, tiene los ojos al borde del llanto. Pensando que el pelo no la oculta lo suficiente, se pone las gafas de sol y bajo ellas derrama algunas lagrimas, gruesas y templadas.

Se baja en la siguiente parada y, aunque su primera intención era dirigirse a donde la monitora a pie, para un taxi: los zapatos le han llenado de rozaduras los pies. Faltan cinco minutos para las seis cuando llega a la puerta de la escuela y, a toda prisa, se estira el pelo como lo tenía antes. Así es como se dirige al despacho, y de allí al gimnasio. No cojea, pero ya ha maldecido los zapatos nuevos más de una vez.

La monitora oye contenta la andanada de flores que le lanza deprisa L, sin mostrar asombro, como si estuviera acostumbrada a recibir elogios desde siempre. Está dispuesta, como no, a exponer su trabajo en televisión. Sólo le pone una condición, el permiso de los padres, y L le promete que al día siguiente dejará en el despacho las cartas para los padres de las chicas que hacen gimnasia. Cuando le pregunta quienes son los mejores alumnos, da sin dudar cinco o seis nombres; entre ellos, el de la chica. Apunta nombres y apellidos en el cuaderno negro, y después se marcha.

La monitora ha mordido el anzuelo, eso es lo que le importa, ha acertado de pleno. Se le figura que, a pesar de las heridas, merece la pena ver el mundo desde más arriba. Le queda una hora para prepararse para la cena y, a pesar de que los talones le quemán, sabe que se pondrá los zapatos de tacón."

Este fragmento deixa moitas incógnitas. Quen é L? Que pretende respecto á rapaza? De onde ven? A onde vai? Con quen quedou? A partir de todas estas cuestións e outras que saian a partir dunha chuvia de ideas, daremos forma a este fragmento e construíremos unha historia coas aportacións do alumnado e as súas respostas ás preguntas.

## Outubro. Escritoras en galego

### De 0 a 3 anos

<https://www.youtube.com/watch?v=k45gCV9Qk2k>

Facer unas maracas musicais para acompañar co instrumento a canción infantil *Todos somos iguais*.

Para elo non precisaremos máis que unhas botellas de plástico baleiras nas que meteremos diferentes ingredientes como arroz, pasta seca, fideos, area, clips de cores ou calquera outro obxecto ou material que se vos ocorra, que non sexa perigoso para nenos e nenas, e que ao axitalo soe.

### De 3 a 6 anos

Ler o conto *Armando, ¿no estarás llorando?*

#### Para falar na asemblea:

Indique aos nenos e ás nenas que pensen no conto que acabamos de ler.

Que lles parece que lle dixeran a Armando que non se podía chorar? Que opinan do que lle contou o avó? Tedes chorado algunha vez? Cando choramos?

Motivar aos nenos e nenas para que utilicen vocabulario apropiado relacionado cos sentimentos. Pídale ao neno ou nena que debuxe unha cariña tal como se sentiu cando chorou (triste, contento, asustado, etc.).

### De 6 a 9 anos

Imos traballar co conto *El niño que no quería ser azul y la niña que no quería ser rosa* de Patricia Fitti. Está publicado na editorial *Destino*, pero tamén o podemos ver en Youtube [https://www.youtube.com/watch?v=4uABTdm\\_JkI](https://www.youtube.com/watch?v=4uABTdm_JkI).

Formamos grupos pequenos e repartimos aos nenos e nenas de cada pequeno grupo 4 ou 5 imaxes que correspondan a este conto. Eles e elas construírán o seu propio conto a partir das imaxes e logo compartirano coa clase. Para rematar a actividade, ler o conto orixinal.

### De 9 a 12 anos

<https://libroemmagunst.blogspot.com/2015/07/maria-reimondez-5-poemas-5.html>

Facer grupos de 3 ou 4 alumnos e alumnas. Cada grupo elixe nesta páxina web un dos poemas da obra *Moda galega* de María Reimóndez. A actividade consistirá en poñer música ao poema elixido utilizando melodías coñecidas ou inventadas. Unha vez feito, cada grupo compartirá o seu traballo coa clase.

### De 12 a 15 anos

Traballamos co libro *O club da calceta* de María Reimóndez. Previa lectura dos estudantes, divídese a clase en 5 grupos. A cada grupo repárteselle unha tarxeta diferente cunha das novas dos accidentes publicadas nas primeiras páxinas. Cada grupo buscará con que protagonista cre que está relacionada a súa nova e por que. Para finalizar a actividade faremos unha posta en común do que traballaron en grupo, e opinarán sobre o personaxe que máis lles gustou e as calidades interiores dese personaxe.

### De 15 a 18 anos

Escoller unha das cartas que aparecen no libro *Circe ou o pracer do azul* de Begoña Caamaño. Realizar unha descrición da muller que escribe a carta en base á súa personalidade, a súa ocupación e a súa historia persoal. Facer unha posta en común das descricións individuais destas dúas mulleres, lendo en voz alta a carta seleccionada e a descrición realizada. É interesante nesta actividade introducir o concepto de sororidade, e a súa implicación na nosa vida diaria.

### Persoas adultas

Traballaremos co libro *A Semellanza* de M<sup>o</sup> Xosé Queizán. Ler colectivamente en voz alta axuda a mellorar a entoación, a respectar os signos de puntuación, a fluidez lectora... Ademais se despois de ler se comenta entre toda a clase o que se entendeu da obra, axuda a mellorar a comprensión lectora. É imprescindible que todo o alumnado teña voz e que se lle concencie de que non hai unha opinión mala, todas son válidas se se argumentan correctamente.

Para traballar con este libro cada alumno/a escollerá un parágrafo do libro lido, a ser posible procedentes de diferentes partes da obra e o suficientemente expresivos. Nelles introducirá unha palabra ou unha frase enteira que sexa o suficientemente significativa como para alterar o significado do parágrafo. Todos os fragmentos incluíranse nunha folla, poranse e n común e tentarán atopar as palabras ou frases "piratas" entre todos.

## Decembro. Escritoras en asturiano

### De 0 a 3 anos

#### Literatura infantil e estereotipos de xénero.

Realizar coas nenas e os nenos unha pequena reflexión sobre o papel de homes e mulleres nos contos e relatos, facendo fincapé naqueles trazos sexistas que se deben cambiar. Para esta reflexión podemos partir de preguntas como: que fan as mulleres neste conto? e os homes? Como son as mulleres deste conto? e os homes? Coñeces mulleres que non son así? e homes?.

### De 3 a 6 anos

#### Actividade: Construíremos un conto entre toda a clase.

A mestra ou o mestre empezará a historia e cada neno e nena a continuará.

Por exemplo: "Erase unha vez unha nena moi valente que foi buscar setas ao bosque e..."

### De 6 a 9 anos

#### Adela Turín.

Falar de literatura infantil e estereotipos de xénero é falar dos estudos de Adela Turín ao respecto e, tamén, dos seus libros para nenos e nenas, que son xa clásicos da literatura infantil para educar en igualdade.

Adela Turín naceu en Italia en 1939. Historiadora da arte e escritora, nos anos 60 dedicouse a analizar as tendencias sexistas na literatura infantil. Fundou a asociación "Du côté des filles", que dende 1994 investiga e denuncia os casos de sexismo nos materiais educativos, ademais de xerar mecanismos de sensibilización dirixidos ao sector editorial, institucións e público en xeral.

Nesta actividade, expón a lectura en voz alta dun conto de Adela Turín "Historia dos bonobos con lentes":

[http://coeducacioniesduna.blogspot.com.es/2014/03/cuento-historia-de-los-bonobos-con-gafas\\_24.html](http://coeducacioniesduna.blogspot.com.es/2014/03/cuento-historia-de-los-bonobos-con-gafas_24.html)

A partir do conto, faremos preguntas ás nenas e aos nenos. Exemplos de preguntas para comentar o conto poderían ser:

- Que fan os bonobos durante o día?
- E as bonobas?
- Por que os bonobos non se dedican a recoller froitos para toda a familia?
- Por que regalan lentes só aos bonobos e non ás bonobas?
- Que fan as bonobas cando se enfadan?
- Que poderían ter feito os bonobos para que as bonobas non se enfadaran?
- Por que ao final os bonobos queren ir ao sitio das bonobas?
- Que terías ti cambiado do conto para que as bonobas foran felices dende o principio?

### De 9 a 12 anos

#### Angeles Caso. Las olvidadas.

Propoñémosvos axudar neste labor a esta gran escritora: - Divídese a clase en grupos de tres ou catro persoas. Cada



grupo elixe un libro de texto dunha materia diferente e busca que mulleres ilustres son nomeadas nel. O grupo apunta nun listado a estas mulleres ilustres.

### De 12 a 15 anos

#### Dolores Medio, unha mestra innovadora.

A escritora asturiana, Dolores Medio, foi tamén mestra e ela mesma identificábase como seguidora das correntes pedagóxicas da Institución Libre de Ensinanza.

Sabes algo da Institución Libre de Ensinanza?

Convidámoste a pescudar sobre a ILE, sobre todo en relación a esta institución e a igualdade entre homes e mulleres. Busca información sobre isto en internet e escribe un texto expositivo de polo menos unha cara da folla na que se amosen as ideas pedagóxicas da ILE respecto á igualdade.

### De 15 a 18 anos e Persoas adultas

#### Berta Piñán.

Berta Piñán Suárez é profesora de Secundaria. Escribe poesía, novela, ensaio e literatura infantil e xuvenil.

#### Una Casa (Fragmento)

Levantar una casa que seja como un río, navegable y lixera, mudable, pasaxera, beber de les sos fontes, paramé peles pocos, correr polos regatos. Una casa que seja como un río, qu'arreste la derrota, qu'arranque'l dolor de les sequeiras y lu lleve, pel rabiñ, agües abaxo.

#### (Tradución)

Levantar unha casa que sexa como un río, navegable e lixeira, mudábel, pasaxeira, beber entre as súas fontes, determe nos pozos, correr cos regatos. Unha casa que sexa coma un río, que arraste a derrota, que arrinque a dor das secas e o leve pola corrente, augas abaixo.

Lede con atención o fragmento do poema de Berta Piñán e, en traballo de todo o grupo-aula ide respondendo ás seguintes preguntas:

- Que tipo de casa resalta a autora?
- Que tipo de fogar che gustaría formar a ti?
- Que papel terían homes e mulleres nesa casa?
- Cales son os principais atrancos para a convivencia dunha parella no día a día? Como sería unha convivencia en igualdade?



# 2021



organizaciondemujeres.org



Tempo de mulleres

Mulleres no tempo

Mulleres escritoras

Elabora e edita: Organización de Mujeres de STES intersindical | o.mujeres@stes.es

Colaboran: Yennifer Aragón Morales, Inés Barba, Sonia Blanco Esquivias, Maite Bonet Vidal, Elisa Calatrava Martín, Ana María Cobo Navarro, Evelia Deniz Naranjo, Ana María Fernández Cotrina, Laura Fernández Valliño, Elena Ferrero de Pablo, Sandra García Pecharrromán, Mari Carmen Gil García, Belén Jiménez Ruiz, Miriam Gómez Pérez, Belén González López, M. Luz González Rodríguez, Francisca López Gracia, Elena Esther López Lillo, Josefa Lucerga Nieto, Sara Marín Sánchez, María Lilia Martínez Galvany, Esperanza María Martínez García, Ana Isabel Mata Guerra, Lola Mata Guerra, Julia Mena García, Rosalina Miguel Sánchez, Marian Moreno Llana, Andrea Olivas García, Lola Ortega Llobregat, Inma Ortells, M. Fe Pérez Martín, Elisa Simón Mateo, M. Gloria Ríos Guardiola, Consuelo Rodríguez Prieto, Juan José Ruiz Travieso, Sandra Serra Teruel, Rosario Troncoso, Antonia Valbuena Alba, Loli Verde Trujillo, Concha Zamora.


Tradución: Consuelo Rodríguez Prieto e José Vieito García.

Ilustracións das escritoras: Patricia Fidalgo | Contacto: pafipum@hotmail.com | @patriciafidalgoart | patriciafidalgoilustracion.com

Deseño gráfico, portada e maquetación: Mario Padilla Fernández. Área de Publicaciones de Confederación Intersindical | publicaciones@intersindical.es

Depósito Legal M-28471-2020 | Publicación de difusión gratuita | Tirada: 45.000 exemplares

Esta publicación pódese copiar e reproducir libremente, respectando os créditos e atribucións das imaxes e a autoría da obra no seu conxunto.



Janeria: marxe esquerda, mativa decorativa da Alhambra de Granada (fotografía de Mario Padilla).  
Febreiro: Fondo do debuxo da escritora Beatriz Bernat e un detalle do gravado de Valladolid, dos xeógrafos alemáns G. Braun e F. Hohenbergius, datado cara o 1574 (dominio público).  
Abril: Marxe esquerda: Batalla da Fara de Cádiz como estaba no século XIX (dun gravado de época de autor descoñecido). Esquerda, abaixo, imaxes de exemplares do "El País de España" e "El País de Ibero" (Arquivo Histórico Provincial de Cádiz).  
Xullo: Fondo do debuxo da Gloria Fuentes, fotografía de finais dos anos 60, do río Labrador de Madrid. (Fonte: http://www.memoriademadrid.es).  
Decembro: Marxe e fondo dos debuxos das escritoras e da portada do calendario: "Vista do porto de Aixón", ilustración de Pedro Teixeira, ano 1634 (dominio público. Vía Wikimedia Commons).



Mulleres escritoras

Tempo de mulleres,

2021



ACTIVIDADES PROPOSTAS  
nas ÚLTIMAS PÁXINAS

